

VIGOZOO
612

CONCELLERÍA
DE
MEDIO AMBIENTE

CONCELLO
DE VIGO



NORMATIVA ABONADOS VIGOZOO

FICHA DE RENOVACIÓN 1º ANO - BONO FAMILIAR

Rexistro de Entrada (A cubrir por VigoZoo)

Nº de bono (A cubrir por VigoZoo)

Data de alta (A cubrir por VigoZoo)

Apelidos e Nome do/a Titular	
DNI do/a titular	
Apelidos e Nome do cónxuxe	
DNI do/a cónxuxe	
Apelidos e nome do/a Fillo/a 1	
Data de Nacemento	
DNI do/a Fillo/a 1	
Apelidos e nome do/a Fillo/a 2	
Data de Nacemento	
DNI do/a Fillo/a 2	
Apelidos e nome do/a Fillo/a 3	
Data de Nacemento	
DNI do/a Fillo/a 3	
Enderezo	
Provincia	
Código Postal	
Teléfono Fixo	
Teléfono Mobil	
Correo Electrónico	

OBSERVACIÓNS

--

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/99, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase aos abonados e solicitantes da existencia de ficheiros nos que se almacenarán os datos que se recaban na tramitación de ditos bonos.

VigoZoo comprométese a non utilizar estes datos para fins que non sexan os estritamente necesarios para a realización do seu cometido, engadindo ademais a absoluta confidencialidade e exclusividade, quedando prohibida a calquera persoa a súa revelación, copia, distribución ou o exercicio de calquera acción relativa ao seu contido. O interesado pode exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante correo postal con copia do DNI ao enderezo: Concello de Vigo - Vigozoo, PLAZA DO REI 1 - VIGO (36202).

Vigo, ____ de ____ 20 ____

ASINADO: _____

(Nome e sinatura do solicitante)

SINATURA TITULAR Conforme Entrega
Carnet Definitivo // Data _____

--

**VIGOZOO
612**

**CONCELLERÍA
DE
MEDIO AMBIENTE**

**CONCELLO
DE VIGO**



NORMATIVA ABONADOS VIGOZOO

BONOS ANUAIS

Vigozoo ofrece dúas modalidades de abonados para o público que desexe realizar varias visitas ao longo do ano, observando como cambia a paisaxe e o comportamento dos animais do zoo co ritmo das estacións.

A regulación destes bonos, será de acordo a Ordenanza Fiscal nº 53 do Concello de Vigo, reguladora das taxas polos servizos que presta a través do seu Parque Zoolóxico.

O bono individual é exclusivo e persoal e con el podes visitarnos sempre que queiras durante 12 meses por un importe dun total de 17,85 €.

Co bono familiar podes visitarnos coa túa familia tamén durante 12 meses consecutivos. Sendo válido para familias de ata 5 membros con fillos que non superen os 18 anos de idade, por un importe total de 29,75 €.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- Fotocopia do DNI do titular.
- Fotografía tamaño carné de cada membro.
- Fotocopia do libro de familia (no caso dos bonos familiares).
- Ficha de inscrición debidamente cumprimentada e asinada.
- Carta de normas asinada.

As fotocopias presentadas deberán ser fotocopias compulsadas.

NORMATIVA:

Os bonos poderán ser solicitados os días laborables de apertura do parque no horario de taquilla.

O PAGO REALIZARASE directamente na taquilla, por pasarela de pago ou mediante transferencia bancaria, unha vez aportada toda a documentación e TRALO AVISO DE VIGOZOO.

Emitirase un carné provisional cunha validez de 60 días de duración e posteriormente o parque lle fará entrega dun carné definitivo de abonado persoal e intransferible na taquilla do Parque.

É imprescindible presentar toda a documentación solicitada para a emisión dun carné de abonado.

Se o demandante do bono non entrega toda a documentación solicitada no prazo de 30 días hábiles, contados a partir da presentación da súa solicitude, deberá cursarse unha nova.

É necesario e imprescindible mostrar ao persoal de taquilla o/os carné/s para acceder ás instalacións de VigoZoo. No caso de non mostrar os carnés, os aboados non poderán acceder ás instalacións do Parque.

Renovación:

O primeiro ano se fará de forma automática, realizando o pago correspondente, sendo unicamente necesario cubrir a confirmación de datos na ficha destinada a tal efecto.

Si houbera modificacións respecto do inicial dentro dese ano, se deberá de comunicar a VigoZoo, especificando no apartado de observacións o que proceda, adxuntando documentación, no caso que sexa necesario.

PAGO E TRAMITACIÓN POR PASARELA DE PAGO

O pago e tramitación pode realizarse a través da pasarela de pago da plataforma online do Concello de Vigo na seguinte ligazón:

https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/autoliq_vigozoo_bonos.jsp

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/99, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase aos abonados e solicitantes da existencia de ficheiros nos que se almacenarán os datos que se demandan na tramitación de ditos bonos. VigoZoo comprométese a non utilizar estes datgos para fins que non sexan os estritamente necesarios para a realización necesarios para a realización do seu cometido, engadindo ademais a absoluta confidencialidade e exclusividade, quedando prohibida a calquera persoa a súa revelación, copia, distribución ou o exercicio de calquera acción relativa ao seu contido. O interesado pode exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante correo postal con copia compulsada do DNI ao endereza: Concello de Vigo – Vigozoo, PRAZA DO REI 1 - VIGO (36202).

Entendemos que leu e comprendeu estas normas necesarias para unha correcta tramitación do bono solicitado, para o cal é necesario que asine a continuación:

ASINADO:

(Nome, apelidos e DNI)

En Vigo, a _____ de _____ de _____